

Documento	Expediente	Fecha
CONUI0AX	CON/49/2010	22-03-10 09:39

Asunto

Subministro de mobiliario e equipamento para o Centro Sociocultural de Santa Marta, incluída no FES 2010 - Prego Prescricións Técnicas

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA O CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA, INCLUÍDO NO FES 2010.

1. OBXECTO

Este contrato ten por obxecto o deseño, a construción, subministración e montaxe no Centro Sociocultural de Santa Marta dunha tribuna telescópica, con capacidade para 110 persoas e coas características técnicas que se sinalan neste prego, no Centro Sociocultural Santa Marta.

2. DEFINICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN

2.1. Características da tribuna telescópica

Unha tribuna telescópica formada por un módulo cun frontal de 8,3 metros lineais e 11 plataformas de 900 mm de fondo e *contrahuella* de 300 mm, con dous corredores laterais de 1200 mm incluíndo en cada plataforma un chanzo intermedio, varanda de protección lateral e un sistema de balizas de iluminación na plataforma e nos chanzos con sistema de iluminación de urxencia en caso de fallo de corrente.

Instalaranse nas bancadas 110 unidades de butacas situadas a 0,5 m entre os seus centros, distribuídas individualmente. O pregamento das butacas farase manualmente, premendo unha panca co pé, liberarase a fixación vertical da butaca para permitir o seu pregamento. O despregado da butaca en posición vertical farase manualmente o mecanismo de fixación de butacas en posición farase automaticamente.

As bancadas de accionamento eléctrico dispoñerán para o control dos movementos da apertura e pechadura da bancada dun armario de control eléctrico para o accionamento dos motores a través dun mando de control conectado no frontal activado polo operario en función da operación a realizar.

2.2. Descrición funcional da tribuna

A tribuna telescópica consta de diferentes niveis e cada un deles deslízase baixo o seguinte até a total apertura e/ou peche. Os movementos de apertura e peche realízanse automaticamente polo accionamento dun pulsador do mando de control remoto, desde os frontais da grada nas posicións predeterminadas.

2.3. Especificacións técnicas da tribuna

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0AX	<i>Expediente</i> CON/49/2010	<i>Fecha</i> 22-03-10 09:39

Plataformas

A estrutura das plataformas consiste nun marco formado por tubos rectangulares de aceiro soldados, formando así un marco perfectamente ríxido.

A rixidez lonxitudinal estará garantida mediante perfil vertical na parte traseira para evitar que se coe lixo por baixo da bancada.

Este perfil estará provisto de torcas M12 soldadas con pernos M12 x40. Estas torcas guiarán a plataforma superior sobre o seu perfil frontal cando se despregue a bancada. Asemade, estas torcas estarán provistas de perforacións que conteñan cilindros de PVC que asegurarán que non haxa fricción de aceiro sobre aceiro cando se abran as gradas.

A rixidez transversal estará asegurada con dous tubos de 40x30x3 fixados nos dous laterais de cada plataforma e un tubo de 40x20x2, cada un de 500 mm.

Cada plataforma estará guiada por rodamentos horizontais fixados debaixo da plataforma. Xunto cos carros, estes rodamentos garantirán unha apertura suave e alineada da bancada. Todos os elementos de aceiro están acabados cun recubrimento po anti corrosivo de poliéster de 120 µm.

A estrutura de cada módulo da tribuna telescópica estará calculada para soportar unha carga vertical de 500Kgs/m² e respectar as disposicións contidas na normativa DIN 1055 referente a cargas.

Distínguense as seguintes partes:

- A estrutura portante estará deseñada e construída con perfís estruturais de aceiro estando unida a columna vertical coa parte de guía e sustentación ao chan cunha unión aparafusada que permite un axuste de perpendicularidade e de guiado.

O deseño estará baseado nun método de optimización do momento de inercia e dimensionado que permita optimizar a rixidez da estrutura e o peso da mesma, conseguindo os requisitos de carga necesarios e a rixidez e estabilidade que dean un confort estrutural equivalente a estruturas fixas.

- A estrutura das plataformas estará suxeita á portante por medio de brazos transversais.

Os perfís utilizados serán de aceiro conformado en frío con calidades S235JR, e S275JR segundo a normativa UNE-EN 10025 e DIN 18800 parte 7.

Nas unións aparafusadas esíxense materiais coa calidade mínima 6.8 segundo normativa DIN. Cada plataforma no pé da columna dispoñerá dun mecanismo de bloqueo e desbloqueo automático que permitirá o encravamento das bancada de forma individual e a apertura e peche secuencial da tribuna.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0AX	<i>Expediente</i> CON/49/2010	<i>Fecha</i> 22-03-10 09:39

O panel será de Contrachapado de 18mm e estará cuberto de moqueta homologada (Tapibel Gamma, Balta Campus AB).

En cada lado, o canto estará protexido por un perfil de aluminio 25x25x2. Na parte traseira, un perfil de aluminio vertical impedirá a caída de obxectos pequenos, ou lixo por baixo da bancada.

No canto frontal e nos chanzos instalarase un perfil de aluminio antideslizante de 27x27x2.

Tanto no despregado como no pregado, o sistema de bancadas se desencravará/encravará automaticamente.

As plataformas estarán soportadas por tubos de aceiro verticais 100x40x4 ou 120x40x4, debidamente soldados aos carros de translación. No seu extremo os soportes estarán aparafusados a un eixe superior axustable para permitir o axuste exacto en posición horizontal, unha vez instaladas as plataformas.

Entre os tubos verticais e a plataforma aparafusaranse uns soportes de 40x40x2 para asegurar a estabilidade lateral.

Todas as partes de aceiro estarán acabadas cun recubrimento epoxi po anticorrosivo de 120 µm.

Toda a tribuna descansará sobre unhas rodas de poliuretano de Ø 140 mm cun ancho de 44 mm. de grosor deseñadas para soportar a carga de 500 Kg /m² da tribuna. Pola súa composición deben ofrecer un suave e silencioso rodamento á vez que sexan pouco agresivas co chan.

Estas rodas estarán equipadas con rodamentos libres de mantemento.

O carros estarán equipados con rodamentos horizontais permitindo así un pregado/despregado particularmente suave e preciso.

Os corredores estarán formados inserindo un chanzo adicional nas plataformas, reducindo así a altura da *contrahuella* nun 50%. O espazo libre permitirá aloxar a varanda lateral na súa posición pregada.

O recubrimento do corredor será o mesmo que no resto das plataformas e os chanzos estarán protexidos por perfís de aluminio anodizado antideslizante.

As varandas laterais serán extraíbles. As varandas estarán formadas por un marco con dous postes en aceiro plano de 50x10. Este marco estará reenchido por perfís verticais Ø 16x2 a unha distancia de 100 mm. Estas varandas terán unha altura mínima de 1m de acordo coas normativas Europeas. Todos os elementos de aceiro estarán acabados cun recubrimento po anti corrosivo de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0AX	<i>Expediente</i> CON/49/2010	<i>Fecha</i> 22-03-10 09:39

poliéster de 120 µm. A estrutura lateral (a vista de público) será recuberta por veludo ignifugado negro 460 gr/m

A fixación da parte traseira será formada por unhas grampas metálicas aparafusadas á parede e outra axustable fixada aos soportes da bancada. Estas grampas estarán unidas por un pasador que permitirá mover os bloques completos fóra da parede. Uns pasadores especiais fixados nos bastidores aloxaranse en buracos practicados no chan para asegurar o seu perfecto posicionamento.

Accionamento

O accionamento da tribuna estará fixado debaixo da primeira bancada do bloque de gradas. Estará composto por un motor reductor asíncrono de tres fases equipado con rolos de goma especiais. Equiparase cada bancada cun mínimo dous accionamentos. Para a conexión da potencia necesítase un conector na parede de 3 fases 16A. 3 x 400V ($\pm 10\%$) - 16 A - 50/60 Hz - 3F+N+PE

O control para o despregado/pregado da tribuna, farase mediante unha botoeira que se enchufará mediante un multiconector de baixa potencia situado no frontal do Sistema de Tribunas Telescópicas.

Cadeiras

- Nº de asentos: 110 (11 corredores x 10 asentos) modelo Galant ou semellante. 46 asentos fixos modelo Galant ou semellante en balconada
- Tipo de asento: Individual, operado manualmente, con sistema automático de asento abatible, tipo: Galant ou semellante.
- Respaldo: Completamente tapizado.
- Asento: Completamente tapizado
- Tipo de tapizado: 100% polyester
- Escuma de recheo: Escuma Poliuretano CMHR (Alta Elasticidade/Resistencia Moldeada Frío)
- Tipo de repousa-brazos: Madeira (Faia) ou tapizado.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0AX	<i>Expediente</i> CON/49/2010	<i>Fecha</i> 22-03-10 09:39

- Altura asento: ± 450 mm
- Distancia centro: ± 500 mm
- Sinalización números Asento: Gravados en discos de PVC

Características dimensionais da tribuna:

- Número de unidades: 1
- Anchura da unidade: ± 8.300 mm
- Número de plataformas: 11
- Número de filas: 11
- Elevación plataforma: 300 mm
- Plataforma último nivel: 3.300 mm
- Espazo entre filas: 900 mm
- Anchura unidades retraídas: 1.400 mm
- Anchura unidades extendidas: 10.400 mm
- Número de corredores: 2 laterais
- Anchura dos corredores: 1.200 mm

Accesorios:

- Varandas laterais: Incluído; fixas; desmontables manualmente
- Recubrimiento lateral: Incluído; cortinas de veludo desmontables
- Funcionamento: Motores eléctricos integrados non incluídos.
Potencia: 16A - 3x400V – 3Fases+Neutral+Terra =>

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0AX	<i>Expediente</i> CON/49/2010	<i>Fecha</i> 22-03-10 09:39

- Recubrimiento chan: Pranchas contrachapado con moqueta tipo Gamma

3. ALCANCE DA SUBMINISTRACIÓN

Incluirá:

- O deseño e a enxeñería da bancada telescópica que se realizará de acordo coas características do Centro Sociocultural definidas no proxecto de execución.
- O transporte até o Centro Sociocultural de Santa Marta de todas as partes da instalación, a montaxe e a conexión de todos os compoñentes mecánicos e eléctricos da bancada.
- A entrega do manual de instrucións de funcionamento e mantemento, incluíndo a lista de materiais suxeitos a desgastar, e a formación do persoal para o uso da instalación.

Non incluirá:

- A instalación eléctrica necesaria para fornecer de enerxía a zona de ensamblaxe da tribuna.
- Os traballos de albanería ou construción necesarios para a montaxe e funcionamento da tribuna.
- As licenzas de obra que puidesen ser requiridas
- Os impostos xerais e locais requiridos especificamente pola instalación